



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS/AS, PREVIA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS DE PRAIAS 2022

ANTECEDENTES:

O 1.02.2022 (DOG núm. 21) a Consellería de Emprego e Igualdade publicou a Orde do 7 de xaneiro do 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022, solicitando **5 socorristas e 1 auxiliar de apoio** baixo o procedemento TR351A.

O día 11 de maio do 2022, por comunicación do Xefatura Territorial da Consellería da Consellería de Economía, Emprego e Industria, recíbese Resolución favorable para a contratación de **5 (CINCO)** socorristas e **1 (UN)** auxiliar de apoio dentro do Grupo 4 e Grupo 8 respectivamente, para a contratación do servizo por un período de **2 meses**.

Para elaborar unha listaxe de candidatos/as presentárase unha oferta de emprego no servizo público de emprego de Galicia, a efectos de cumprir o regulado no artigo 14 da Orde do 7 de xaneiro do 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. A Orde do 7 de xaneiro do 2022, no seu artigo 14 establece que os/as traballadores/as seleccionados/as deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia coma demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e que as entidades beneficiarias da subvención solicitarán os/as traballadores/as que necesiten, mediante a presentación dunha oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda.
2. O proceso de selección e contratación dos desempregados/as respectará o establecido nos artigos 14,15 e 16 da Orde do 7 de xaneiro do 2022.
3. A presente resolución ditase de conformidade coas atribucións conferidas ao alcalde polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril,



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

reguladora das bases do réxime local, e o artigo 41 do Real decreto 2568/1986, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,
RESOLVO:

1. Aprobar as bases polas que se vai rexer a selección do persoal para cubrir as prazas de socorristas de praias e auxiliar de apoio 2022 e convocar o correspondente proceso selectivo.
2. Publicar o anuncio xunto coas bases na páxina web do Concello e no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Carnota.

Alcalde de Carnota

Ante min
O Secretario

Juan Manuel Saborido Rama

José Luis Veiga Sierra



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS DE PRAIAS 2022 E PERSOAL DE APOIO

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1 A presente convocatoria ten por obxecto a selección de traballadores/as para a CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS DE PRAIAS: **5 SOCORRISTAS E 1 AUXILIAR DE APOIO**, durante un período de **2 MESES** a xornada completa.

1.2 A xornada laboral será como máximo de 37,50 horas semanais, en todo caso a mesma será determinada polo Concello.
A retribución bruta mensual máxima correspondente o traballador, será a determinada pola Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade a través dos programas para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade 2022.

1.3 A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (C.C. 405) segundo a disposición final segunda do Real decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que introduce a disposición adicional novena no texto refundido da Lei de emprego, aprobada por Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.

2. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **concurso**, o cal desenvolverase en dúas FASES (valoración e entrevista persoal), as cales valoraranse de acordo co correspondente baremo, en función da documentación remitida polo Servizo Público de Emprego ou ben achegada polos aspirantes, se o tribunal o considera oportuno.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

Non serán obxecto de valoración aqueles méritos que non se tivesen acreditado en tempo e forma. Os criterios obxecto de valoración son os establecidos na parte específica das bases.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES .

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data da publicación desta convocatoria e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Titulación:

b.1 Estar en posesión do Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.

b.2 Estar en posesión da inscrición na Sección de Socorristas en Espazos Acuáticos Naturais. O Concello de Carnota reservase o dereito de comprobar mediante consulta á Academia Galega de Seguridade Pública a vixencia da inscrición aportada.

c) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

A condición de discapacidade e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación.

d) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Os aspirantes deberán figurar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación e resultar preseleccionados logo da presentación da oferta que efectúe o Concello nos modelos normalizados para tal efecto. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe entre os/as demandantes de emprego, en función das características da oferta e atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado.

g) Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitados ou en situación equivalente nin estar sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

h) Para o posto de socorrista de Praia, estar en posesión do certificado de lingua galega CELGA 3, ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Para o posto de auxiliar de apoio, estar en posesión do certificado de lingua galega CELGA 1 de coñecemento xeral da lingua galega, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento xeral da lingua galega, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de acordo co sistema de certificación de lingua galega (Celga) actualmente vixente, ou mediante as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

polo órgano competente, conforme o previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior.

En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia en lingua galega (Celga 3, ou equivalente e Celga 1), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, que cualificara a persoa aspirante como apta ou non apta.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1 **Oferta de Emprego Pública:** Durante o prazo de exposición das bases, segundo o regulado no punto 8 destas, procederase a presentar as ofertas de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, unha por cada perfil (socorrista e auxiliar de apoio).

4.2.1 **Listaxe provisional de admitidos/as:** unha vez recibida a listaxe de candidatos/as, por Resolución de Alcaldía, aprobarase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección, indicando, no seu caso, a causa de exclusión.

4.2.2 **Listaxe definitivo de admitidos/as:** concederase un prazo de **2 días naturais** para a emenda das causas motivadoras da exclusión. Transcorrido este prazo, por Resolución de Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non presentarse ningunha reclamación polos aspirantes excluídos (de existiren), a lista publicada terá carácter definitivo.

4.3 **Publicidade das listaxes:** as listaxes de admitidos/as, tanto provisional coma definitiva, expoñeranse publicamente na web e no taboleiro da sede electrónica do Concello.

4.4 **Avaliación curricular:** recibida a relación de candidatos/as do Servizo Público de Emprego, reunirase o Tribunal cualificador para proceder á baremar os/as traballadores/as. Ao mesmo tempo e no mesmo prazo, se a documentación remitida polo Servizo Público de Emprego é insuficiente para valorar os méritos, solicitaráselles ás persoas interesadas a achega daquela documentación que sexa necesaria, se o tribunal o considera así oportuno.

4.5 **Entrevista persoal:** os candidatos/as que figuran na listaxe definitiva de admitidos convocaranse á entrevista persoal dende o Concello.

No momento da entrevista deberán achegar debidamente cuberta a solicitude de participación no proceso de selección (**ANEXO II**), acompañada da seguinte documentación:



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- Fotocopia do DNI
- Copia da tarxeta de demandante de emprego

5. MÉRITOS.

Os méritos que se valorarán son os establecidos nas bases específicas (Anexo I).

6. CUALIFICACIÓN DEFINITIVA, RELACIÓN DE SELECCIONADOS E PRAZO DE RECLAMACIÓN.

A cualificación obtida polos candidatos/as será a resultante da suma dos puntos obtidos na valoración de méritos e na entrevista persoal, segundo o baremo establecido nas bases .

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes/as determinarase pola suma das puntuacións totais obtidas, que determinará a proposta de contratación.

Obtida a puntuación final dos candidatos, o Tribunal fará pública a relación dos/as candidatos/as, por orde de puntuación, na web e no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Carnota, establecendo un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións. No caso de existir estas, reunirase de novo o tribunal para resolvelas.

No caso de non haber reclamacións, esta lista provisional elevarase a definitiva por resolución da alcaldía.

Nas listas estableceranse titulares e suplentes de reserva. O suplentes conformarán unha listaxe por orde de puntuación que, no suposto de renuncia dalgún dos traballadores titulares, substituirase polo aspirante que apareza con maior puntuación na listaxe de suplentes de reserva e cuxo perfil sexa de similares características.

A Comisión de Valoración elevará a relación á Presidencia da Corporación para que proceda a súa aprobación.

A Resolución de Alcaldía pola que se aprobe a bolsa de emprego será publicada no taboleiro do Concello e notificada a cada persoa incluída na mesma.

7. CONTRATACIÓN.

O Tribunal cualificador elevará a proposta de contratación ao alcalde do Concello, a favor dos/das aspirantes que obtivesen a puntuación máis alta. Aprobada por Resolución da Alcaldía a proposta do Tribunal, notificaráselles ás persoas interesadas, para que subscriban o contrato laboral.

No caso que o candidato/a rexeite a contratación, deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo **dun día hábil**; de non facelo, o funcionario que



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

realiza o chamamento poderá realizar unha dilixencia de renuncia do candidato.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes en materia de valoración que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria, acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións propios do posto de traballo da presente convocatoria.

8. PUBLICACIÓN DAS BASES.

A presente convocatoria e as súas bases estarán expostas na web e no taboleiro electrónico da Sede electrónica do Concello de Carnota por un período de **2 días naturais**.

Así mesmo, todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo, difundiranse mediante a súa exposición no devandito taboleiro.

9. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN.

A Comisión de Selección reunirse para a valoración dos méritos e das probas eliminatorias anteriormente descritas. Estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: José Antonio Maceiras Martínez
Secretaria : María Dolores Maceiras Martínez
Vogais: María José Lago Freire
Jesús López Rama
Inocencio Álvarez Lago

No caso de ser necesaria a substitución dalgún dos membros por causa xustificada, o alcalde efectuará a oportuna designación, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na súa páxina web.

A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros e requirirá, en todo caso, a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora en materia de igualdade entre homes e mulleres. Os membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Asesores especialistas: Cando o procedemento selectivo, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellen, o Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal municipal, doutras Administracións Públicas ou do sector privado que colaborará, exclusivamente, no exercicio das súas especialidades técnicas no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do citado Tribunal.

10. INCIDENCIAS

A Comisión está autorizada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo conforme á discrecionalidade técnica que a caracteriza.

11. IMPUGNACIÓNS

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as mediante a interposición dos recursos regulados pola normativa vixente en materia de procedemento administrativo.

12. NORMATIVA APLICABLE

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e, no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servicio da Administración Xeral do Estado.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 13 de xuño.
- Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade e a inserción laboral.
- Lei de Emprego aprobada polo RDL 3/2015, do 23 de outubro.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

ANEXO I. CRITERIOS ESPECÍFICOS

1.1 CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA AS PRAZAS DE SOCORRISTAS TITULACIÓN.

Estar en posesión do **carné de SOCORRISTA ACUÁTICO**, especialidade de socorrista en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais, expedido pola Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- AGSP, e do graduado escolar ou equivalente, así coma estar inscrito no **registro profesional de socorristas acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia** (DECRETO 104/2012, de 16 de marzo), da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou ter solicitado ou ter solicitada a súa inscrición e cumprir os requisitos do art. 6 ou da disposición transitoria única do citado Decreto, sempre, neste último caso, que dende a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de socorrista acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, ou ter o certificado de profesionalidade de socorrista.

Terase en conta o regulado no Decreto 35/2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e a **DIRECTIVA 2006/123/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSEJO** de 12 de decembro de 2006, relativa os servizos no mercado interior, que reflexa que un traballador debe poder exercer desde o momento en que cumpre os requisitos de formación esixidos, independentemente dos trámites administrativos necesarios para a súa inscrición nun rexistro.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

2. CRITERIOS DE PUNTUACIÓN.

2.1 CRITERIOS DE PUNTUACIÓN PARA AS PRAZAS DE SOCORRISTAS



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

FASE I: VALORACIÓN DE MÉRITOS máximo 12 puntos.

1. Valoración currículo por formación: total 3 puntos.

Cursos relacionados co posto de traballo:

- Cursos de ata 20 horas.....0,20 puntos por cada un
- Cursos de 21 a 50 horas.....0.50 puntos por cada un
- Cursos de máis de 50 horas.....0,75 puntos por cada un

2. Valoración por experiencia profesional: total 7 puntos.

- Servizos prestados en calquera Administración pública, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,50 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.
- Servizos prestados na empresa privada, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,20 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.

3 Outros méritos: Máximo 2 puntos.

- Estar en posesión da **autorización** da Federación galega de motonáutica para o goberno de embarcacións de lecer a motor ata 6 mts. de eslora e unha potencia de motor de ata 40kw, en navegación con luz diúrna, á puntuación acadada nos apartados 1 e 2, engadiráselle **2 puntos**.

2.2 CRITERIOS DE PUNTUACIÓN PARA AUXILIAR DE APOIO

FASE I: VALORACIÓN DE MÉRITOS máximo 12 puntos.

1. Valoración currículo por formación: total 3 puntos.

Cursos relacionados co posto de traballo

- Cursos de ata 20 horas.....0,20 puntos por cada un
- Cursos de 21 a 50 horas.....0.50 puntos por cada un
- Cursos de máis de 50 horas.....0,75 puntos por cada un

2. Valoración por experiencia profesional: total 7 puntos.

- Servizos prestados en calquera Administración pública, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,50 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- Servizos prestados na empresa privada, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,20 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.

3 Outros méritos: Máximo 2 puntos.

- Ser voluntario/a dunha Agrupación de voluntarios de protección civil, contando co curso básico de protección civil acreditado: **2 puntos**.

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase II. A proba determinará o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia equivalente ao Celga necesario para a praza que se opta.

FASE II: ENTREVISTA PERSOAL. ÁMBOLOS DOUS PERFÍS: máximo 3 puntos.

Unha vez valorada a Fase I, convocarase á entrevista persoal aos candidatos. O calendario de entrevistas, expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello.

A entrevista irá dirixida a apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto de traballo.

Servirá igualmente para valorar os coñecementos sobre as funcións do posto e o coñecemento do medio socio económico do Concello de Carnota.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

Anexo II

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR AS PRAZAS DE SOCORRISTAS DE PRAIAS/AUXILIAR DE APOIO (ANO 2022)

MODELO DE SOLICITUDE

| | |
|--------------------------------------|--|
| POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA | |
| <input type="checkbox"/> SOCORRISTA | <input type="checkbox"/> AUXILIAR DE APOIO |

DATOS PERSOAIS

| | |
|-----------------|----------|
| APELIDOS E NOME | DNI |
| DOMICILIO | Teléfono |

SOLICITO participar na convocatoria para a selección de persoal identificada no encabezamento, a cuxas bases me someto expresamente. DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso, segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a achegar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

ACHEGO OS SEGUINTES DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (Anexo II):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1. Copia tarxeta de demandante de emprego
2. Fotocopia DNI
3. Carné de socorrista
- 4.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

5.
(...)

| |
|--|
| <p>_____, __ de _____ do 2022</p> <p>(sinatura)</p> |
| <p>SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA</p> |

AUTORIZACIÓN PARA O USO DOS DATOS PERSOAIS

D./D.ª
DNI

Entrego no Concello de Carnota a documentación e currículo, como demandante de emprego e candidato/a ao **Programa Socorristas de praias 2022**, e dou o seu consentimento, de acordo coa Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de regulación de tratamento automatizado de datos de carácter persoal, ao Concello de Carnota e aos Servizos Municipais de Emprego para que poidan facer uso dos datos contidos neles, e ceder os meus datos de carácter persoal, unicamente coa finalidade de procura de emprego nesta administración que está en disposición de ofertar postos de traballo.

E para que así conste, asino a presente autorización.
Carnota _____ de _____ do 2022

Asinado:



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

Carnota, de.....de 2022.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA